

Reunido o xurado do **IX Certame de Matmonólogos da XII Feira Matemática 2018**, formado por:

Presidente: Dna. Marisol Pérez Blanco, Profesora de Matemáticas.

Dna. M<sup>a</sup> Cristina Naya Riveiro, Profesora de Didáctica da Matemática, Universidade da Coruña .

Secretaria: D. Santiago López Arca, Profesor de Matemáticas.

Decidiu outorgar os seguintes premios:

**Categoría: Educación Primaria e primeiro ciclo da ESO**

***“Matemáticamente”***

Autor: **Miguel Blanco Mouzo**, alumno de 2º curso de E.S.O. do **CPI As Revoltas**. (Cabana de Bergantiños).

**Categoría: Segundo ciclo da ESO e Bacharelato**

***“Desintoxicándome”***

Autor: **Marcos Blanco Mouzo**, alumno de 4º curso de E.S.O. do 1º curso de Bacharelato do **IES Eduardo Pondal**. (Ponteceso).

**Categoría: Adultos**

***“Casado coas matemáticas”***

Autor: **Diego Casal García**. Compostela.

**Categoría: Obra máis votada na web**

***“Matemáticamente”***


Autor: **Miguel Blanco Mouzo**, alumno de 2º curso de E.S.O. do **CPI As Revoltas**. (Cabana de Bergantiños).

En A Coruña, a 7 de abril de 2018

Dna. Marisol Pérez Blanco



D. Santiago López Arca



### **“Matemáticamente” (Miguel Blanco Mouzo)**

Boas tardes, eu son socio do Deportivo, ese equipo que aínda non está MATEMÁTICAMENTE descendido. Tේñennos tan fartos a todos que ata vimos á feira matemática a chorar as nosas penas.

En tempos, Arsenio Iglesias explicaba os conceptos de menor que e maior que: “Se metemos un gholiño máis ghanamos, se metemos un menos... perdemos e se metemos os mesmos empatamos”.

Cada domingo temos unha gran INCOGNITA, gañaremos por fin? O noso 6 ten o seu propio teorema: “Teorema de Albentosa, yo la fallo y a otra cosa”. O noso porteiro é de Coristanco, disque lle van poñer un estanco. Temos a Fede Cartabria, a Fede Valverde e por desgracia todo o Depor Fede a descenso.

Non sabemos quen fará de hipotenusa, pero para os outros lados sobran candidatos. Lucas Pérez golpeando o ESFÉRICO debera ter metido varios goles en PARABOLA desde o SEMICÍRCULO da frontal da área, pero esta temporada imos ter que contar os seus goles con NÚMEROS IMAXINARIOS.

Jorge Luis Borges é un gran escritor que escribiu sobre o INFINITO, Celso Borges é un xogador que este ano aportou un INFINITÉSIMO.

Resignación. Forza Depor e a desfrutar das mates que é o que nos queda.


### **“Desintoxicándome” (Marcos Blanco Mouzo)**

Boas tardes, é aquí a sala de matemáticos anónimos, non? Ben eu non contaba que houbera tanta xente co meu mesmo problema. Eu vin no cine que nisto das terapias había que comezar dicindo o nome e o teu problema, pois aló vou:

Ola, son Marcos e gústanme as matemáticas. Vale que pode que isto non afecte a saúde física, pero si a saúde social, sabedes o duro que é estar nunha festa, encontrar unha rapaza guapa e en vez de pensar: que faría Maluma? pensar: que faría John Nash? É unha pena que a teoría de xogos non sexa infalible e a teoría das “catro babys” de Maluma si.

O outro día en clase estabamos a falar de a onde tiñamos pensado ir no verán, houbo quen dixo que ía pasar unha semana de botellón en botellón en Magaluf, houbo quen falou de visitar Roma, pero cando lles dixen que eu tiña pensado pasar 15 días na Universidade de San Petersburgo aprendendo matemáticas miraron todos cara min cunha cara de asco que non vos podedes imaxinar. Xa cando se poñen a falar de referentes e a discutir quen é mellor Messi ou Cristiano e de repente salto eu con que a verdadeira dubida está entre Gauss e Euler, xa non che conto.





(Por certo eu son team Gauss pero como non hai ninguén na miña clase que sexa team Euler teño que defendelos aos dous).

Imaxinádevos canto de enfermo estou que hai tres anos estaba aquí con villancicos matemáticos e o ano pasado contándovos gracietas de patacón centrándome nas mates. Espero ter sanado para o ano que ven e que non me vexades máis. Supoño que lle toca a outro, o señor gordo do pelo branco ten pinta de ter que desintoxicarse. Grazas a todos.

### **“Casado coas matemáticas” (Diego Casal García)**

Boas a todos e todas. Que fago eu nunha feira matemática? me pregunto. Pese o meu aspecto xuvenil non son un alumno e tampouco son un profesor así que non pensades que ides aprender nada das miñas verbas. A miña relación coas matemáticas efectúase dunha maneira máis tanxencial. Si, dixeran tanxencial pra darlle a todo isto un verniz algo máis matemático.


Pra explicar a miña presenza aquí voume remontar bastantes anos atrás. Era o 2006 cando comecei a saír cunha rapariga que está aí entre o público. Non desvelarei a súa identidade pra non avergoñala así que a chamaremos Lucía A. Non, non ... mellor L. Acuña.

Cando a coñecín, ela estudaba a carreira de matemáticas. Eu miraba ó seu horario sentíndome como un arqueólogo fronte a un xeroglífico, tentando desentrañar o significado de materias tales como Topoloxía dos Espazos Euclidianos.

Un agardaría que uns apuntes de matemáticas estiveran cheos de números pero isto estaba lonxe de ser así. Xa non digo sumas ou restas que é moi básico. Pero unhas fraccións podía habelas, non si? Aquilo semellaba unha carreira de letras, especialidade en linguas mortas, pero aderezada con gráficas guindadas alí ó azar, pra disimular. Ti realmente entendes isto? Preguntáballe eu a miúdo. A resposta dela distaba moito sempre de ser afirmativa.

Tamén comecei a coñecer que había máis matemáticos aparte de Pitágoras, Tales ou Gauss. Os nomes de Laplace, Hilbert ou Cantor... comezaron a ser familiares para min. Pero o meu favorito era, sen dúbida, Banach. Claro, pensaredes, é pola súa fundamental contribución á teoría dos espazos vectoriais topolóxicos. Pero, sorprendentemente, non era por iso. Entre outras cousas porque isto o acabo de mirar na wikipedia. De Banach o que me gorentaba era a sonoridade do seu nome. Me soaba a heroe de acción. “Secuestraron a súa filla e agora el reclama vinganza. Jean-Claude Van Damme é BANACH. Proximamente en cines”.





Tras os cinco anos de carreira (si, sacouna nos cinco anos porque ela évos ben lista), chegou o intre de prepararse pra as oposicións. Pero vese que debía haber un sobranse enorme de profesores de matemáticas e non había presa por convocalas así que ese tempo de espera amenizouno dando clases particulares nas que, xeralmente, era peor regatear o pago cos pais que facer estudar ós nenos.

As oposicións foron todo nervios, esperas, presión... e diría que a ela lle ocorreu o mesmo. Fomos incluso tamén á Madrid. Cruzar Castilla en pleno xullo cun Ford Escort sen aire acondicionado e sen saber se tiñamos que dar a volta por se a presentación da programación coincidiría ó final coas de Galiza... todo unha fermosa experiencia irrepetíbel... por fortuna.

Chegamos a San Sebastián de los Reyes. Primeiras impresións, o sitio é moi feo pero, cando menos, eeeeh, ben, aquí non se me ocorre nada bo que engadir. Alí pasamos o día do meu aniversario e a miña moza non me ten ningún agasallo coa excusíña das oposicións. Que morro lle botou! Ben, minto, ó final mercoume no mercadillo uns calzóns de Spiderman, que aínda me poño, e un phoskitos.

Menos mal que aparte de aprobar as oposicións de Madrid tamé aprobou as de Galiza. Lémbrovos que esta rapaza énos ben listíña, e puidemos quedar. Así comezou a súa carreira de profesora de matemáticas en Vigo ... e de profesora de plástica e de profesora de física... Seica os de mates valedes pra un roto e pra un descosido. E comezou tamén a miña labor como coelliño de indias dos exames dos alumnos.


Aquí vos deixo unha pequena mostra do que sucede cando corrixe exames:

Ti cres que é normal que este alumno responda isto? Me pregunta. Eu, tras uns intres de pánico, non quero quedar peor que desafortunado alumno do exame, tento botar man do aprendido en BUP (BUP, para os máis novos, era algo que se estudaba no século pasado). Pero estes coñecementos están tan perdidos na miña memoria que por logaritmo non me ven nada. Iso si, curiosamente, venme á memoria, con total claridade, un fermoso chándal de táctel azul e amarelo daquela época que rompín o día que o estreei. Como a miña resposta non avanza, e eu me quedei atrapado en lembranzas de xuventude, a miña moza déixame por imposíbel e decide seguir a refungar ante a inutilidade dalgúns dos seus alumnos. Aquí ía pór “a inutilidade de tódolos seus alumnos” pero ela afirma que moitos son bos e que se ve obrigada a censurarme.

Como a corrección dos exames soe alongarse eu a miúdo lle propoño que os tire ó aire e que aproben os que caian cara arriba. Ela me mira e non me responde. Vese que non considera o meu método como algo demasiado matemático.

Situacións como esta repítense a cotío dende entón. Mais, ó final, inevitábelmente, un vai caendo nese mundo matemático. Vai sendo como unha





adición. E iso que xa non teño o chándal dos 80. Un día les Planilandia ou Os crimes de Oxford. Outro vas a unha exposición de Escher... e cando te queres dar conta sabes perfectamente quen é Martin Gardner.

Este periplo deu outro paso hai algo máis dun ano cando decidimos casar. E... sabedes? O noso anel de voda ten forma de banda de Moebius. E, desta vez, foi idea miña.

